

BOAS VACACIÓNS DE PASCUA A TODOS!



Propostas para PASCUA: voluntarias

Postres típicos: Os nenos/as poden ir lendo a receita e/ou escribíndoa no diario, e pesando ou medindo os ingredients.

- BUÑUELOS DE CUARESMA: poden ir sen recheo ou recheos de nata, crema, chocolate..., ao gusto. <https://www.hogarmania.com/comunidad/cocina/recetas/postres/201403/bunuelos-viento-rellenos-crema-pastelera-7479.html>
- TORRIJAS: <https://www.hogarmania.com/comunidad/cocina/recetas/postres/201303/torrijas-827.html> Un consello: tamén quedan moi ricas fritidas con moi pouquiño aceite, como as filloas, e serán moito máis sans.

Manualidades: Hai un montón de propostas de [manualidades para Pascua](#) en Internet: coelliños de Pascua, pintar ovos cocidos, etc. Poden ser con cartón, rolos de papel hixiénico, ou simplemente debuxando ovos nun folio, decorándoos e pegalos nas ventás, portas ou paredes.

A búsqueda do tesouro: se o Domingo de Pascua lles dades oviños, coellos ou galiñas de chocolate aos nenos, podedes escondelos pola casa ou xardín, e organizar unha búsqueda do tesouro: escribide nun papel a 1ª pista para atopar o ovo, e con este, a pista para o seguinte... Así encantaralles ler porque hai un premio. Se só hai un ovo ou doce de chocolate, pois un só papel coa pista.

E non esquezades ler e escribir algo todos os días.